

**Un grupo de profesores de ensino secundario, contrariado e decepcionado pola súa situación profesional, a miúdo ignorado polos seus representantes sindicais e pola propia administración, decide desde hoxe e progresivamente dar a coñecer a súa "realidade" profesional agardando que sexa de interese e compartida por todos os compañeiros e compañeiras afectados.**

Non é un proxecto de acción exclusivamente ideolóxico nin de procurar enfrontamentos con ninguén, só a defensa decidida dos nosos intereses.

Solicitamos que dedes publicidade e cobertura a este escrito nos vosos centros.

Na última Mesa Sectorial Docente do 6 de outubro de 2005, case a totalidade dos sindicatos: CIG, CCOO, ANPE, etc, solicitan que o total das vacantes do 1º ciclo da ESO se oferten a Primaria. Nesa mesma reunión, a administración mostrouse (lógicamente) moi reacia (moitísimo), expoñendo o representante da administración (Canosa) que a lei di que se oferte unha porcentaxe para mestres (transitoria 4 da LOXSE), que non todos os mestres están habilitados. E que hai 7-8 promocións sen habilitar. Ademais existe unha denuncia que afecta a adxudicación de destinos provisionais (*¡300 prazas provisionais ofertadas a mestres que non están habilitados!*)

Finalmente volven a saír (contradicindo a LOXSE, LOCE e futura LOE) todas as prazas de 1º e 2º de ESO para mestres.

#### **VACANTES INICIAIS CONCURSO DE TRASLADOS (SÓ INSTITUTOS):**

	PROF.SEC2004 ESO+BACH	MES.2004 1ºciclo ESO	MES.2005 1º ciclo ESO
Matemáticas	8	8	11
Ling.Castelán	24	9	8
Ling.Galega	10	6	9
Inglés	14	4	3
Xeog.Historia	21	15	6
Biol.Xeolox	8	3	6

**¡En matemáticas ou Galego do 1º ciclo da ESO, no curso 2004-2005, saen tantas prazas para mestres que para o resto do profesorado de secundaria en toda a ESO e Bacharelatos, adultos, etc!**

Este asunto non é unha novidade. Nos últimos anos, profesores interinos quedan sen praza cada comezo de curso e a mobilidade nos concursos de Secundaria é case nula.

Noutras comunidades xa comeza a estar normalizada a situación, establecéndose unha

porcentaxe superior ao 70% para o profesorado de secundaria.

#### **VACANTES INICIAIS INTERINOS EN INSTITUTOS PRINCIPIO DO CURSO 2005-2006:**

	MESTRES 1ºciclo ESO	PROF.SECUN ESO+BACH	% Mestres
MAT	87	150	37%
LGAL	57	103	36%
BIO-XEO	36	73	33%
LCAS	43	115	27%
ING	40	117	25%
EF	13	53	20%
XEO-HIST	24	126	16%
FR	7	105	6%

**¡CERCA DO 30% DAS VACANTES EN IES SON PARA MESTRES INTERINOS!**

Os nosos sindicatos deben aclarar a súa postura oficial respecto a este tema. E deixar de solicitar o incumprimento das leis. As leis pódense cambiar pero non incumprir. O profesorado de Secundaria foi expulsado da FP e ningún sindicato solicitou nada ó respecto. ¿Por que non protestaron cando 1º e 2º da ESO se integraron nos institutos en vez de permanecer nos colexios? ¿Por que os sindicatos solicitan á administración que se inclumpra a lei para favorecer a un colectivo e prexudicar a outro? ¿Por que piden un complemento por impartir na ESO para uns poucos e non para todos?

É curioso observar como todos estes sindicatos, dominados por escuros intereses corporativos, e que teñen como obxectivo prioritario o corpo único, sen importar as condicións, conseguen un complemento de 100€ para mestres que imparten no primeiro ciclo da ESO (que por certo noutras comunidades tamén cobran os profesores de Secundaria) e reivindicán que se incumpla a disposición transitoria 4ª da LOXSE que xa debería ter rematado en 1997.

Só lles falla reivindicar o aumento de 18 a 25 horas lectivas para o profesorado de secundaria para acadar por fin o seu tan codiciado corpo único... Nos tamén reivindicamos corpo único, pero un corpo único de catedráticos ou de profesores licenciados, no que estemos todos os profesores de Secundaria e de Universidade.

Proximamente emitiremos un novo comunicado no que abordaremos outros temas de interese prioritario: tutorías na ESO, gardas de recreo, atención á diversidade no segundo ciclo, retribucións xustas, ...

Cremos importante que contrastedes todos estes datos cos vosos respectivos sindicatos e, se son exactos, reclamades aquilo que consideredes xusto e conveniente. Lembra que este é un espazo plural. Envía as túas suxerencias e comentarios a [secundaria.xunta@gmail.com](mailto:secundaria.xunta@gmail.com)